

CIDADES SANTIAGO DE COMPOSTELA NO TEMPO

Unha viaxe pola identidade urbana de Santiago.
Dende as orixes á actualidade



Sede Afundación
Santiago de Compostela
3.06.22–10.09.22

DOSSIER
DE PRENSA



SANTIAGO DE
COMPOSTELA

A CORUÑA

FE

PONTEVEDRA

VIGO



SANTIAGO DE COMPOSTELA NO TEMPO



Ilustración: Miguel Robledo

***Santiago de Compostela no tempo* é a primeira exposición que se pon en marcha das sete mostras que conforman un proxecto máis amplo, Cidades no tempo, que terá como protagonistas as setes principais urbes galegas ao longo deste 2022, do 2023 e 2024. Trátase dunha das propostas principais da programación do Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia, que neste caso xorde da súa colaboración, a través da Fundación Cidade da Cultura, con Afundación (Obra Social ABANCA).**

É nas sedes desta entidade en cada cidade galega onde poderán visitarse as distintas mostras dedicadas a cadansúa evolución urbana, cunha estrutura compartida, pero cun carácter singular que narra a súa propia historia. O percorrido comeza en Santiago, do 3 de xuño ao 10 de setembro, co obxectivo de reivindicar a cultura urbana como compoñente clave da identidade galega en xeral e da área de influencia compostelá en particular.

A exposición explora a interacción entre o urbanismo, a sociedade e o territorio que conforma a capital de Galicia, abrangendo distintas perspectivas como son a estética, a economía, a creación artística, a educación, a memoria e os imaxinarios locais. Todo isto tendo en conta os grandes polos da cidade como



Virxe da Porta do Camiño
Século XIII. Granito. Talla
policromada. Museo do Pobo
Galego. Fondo Municipal de
Santiago de Compostela

Rótulo de Parcelo Artes
Decorativas
Universidade de Santiago de
Compostela.

Fotos: Manuel G. Vicente

*No faetón de Rianxo a
Santiago.* Daniel A. Rodríguez
Castelao. 1908. Óleo sobre
lenzo. Colección de Arte
Afundación

Vista de Santiago. Ramón Gil
Rey. 1837. 21 x 255 cm
Acuarela.
CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA. DEPOSITADA
NO CONSORCIO DA CIDADE DE
SANTIAGO

son o Goberno autonómico, a Universidade ou a Catedral, punto final do lendario Camiño e un dos destinos culturais máis relevantes de Europa.

Á fronte do proxecto está Manuel Gago, doutor en Ciencias da Comunicación e director de culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega, xunto cun comité científico xeral. Ademais, a nivel local en Santiago, o comisario está asesorado por Xosé Ramón Lema Bendaña, historiador e antigo Xefe do Negociado de Mantemento de Fondos Bibliográficos na USC, que exerce de coordinador cun equipo de traballo formado por recoñecidos expertos en diversos eidos.

A través da combinación entre materiais físicos e tecnoloxías interactivas, con

documentos, planos, mapas, fotografías, obras de arte e obxectos históricos e cotiáns, a exposición propón unha experiencia multimedia de descubrimento das orixes das culturas urbanas, sendo un dos proxectos expositivos de maior complexidade técnica impulsados pola Xunta de Galicia nos últimos tempos.

Unha viaxe pola identidade urbana de Santiago

DENDE AS ORIXES Á ACTUALIDADE



Ilustracións: Miguel Robledo

Mitos e orixes

Case todas as cidades galegas contan cun mito fundacional, un relato das orixes que as sitúa nun momento determinado da historia. Ás veces estes mitos son antigos -do ámbito da lenda- e outros son máis contemporáneos. Pero, como se corresponde ese mito cos feitos históricos coñecidos? A través da exploración das fronteiras líquidas entre o mito e a realidade, o visitante mergúllase no discurso expositivo: comprender a cidade como un espazo cultural, cheo de referencias simbólicas, que van máis alá da trama física para habitar na memoria das persoas a través de imaxinarios comúns.

- A través de animacións créanse os relatos míticos das orixes e pónense en diálogo cos obxectos. No caso de Santiago falamos do traslado dos restos do Apóstolo.

Tramas

As tramas poñen en valor a documentación histórica dunha cidade, axudando a comprender aos visitantes como as trazas do tempo deixaron marcas nos



Proxecto para a nova Praza de Abastos.
Joaquín Vaquero Palacios. 1941
PABLO COSTA BUJÁN

arquivos e levaron ata o que hoxe é a urbe: dende as estruturas defensivas ata a loxística dos servizos de subministración (auga, electricidade) e saneamento, dende as grandes obras públicas ata as comunicacións subterráneas.

- Para explicar a cidade dende este punto de vista a mostra válese de documentos como planos, mapas, debuxos, ilustracións, escritos, deseños (dos letreiros das tendas, por exemplo) ou proxectos urbanísticos.

- As mesas temáticas complementáanse con imaxes dixitalizadas deses documentos que se expanden sobre as paredes.

Escenarios

Esta sección explora a cidade como escenario de convivencia no que se mostran diferentes aspectos da vida social en Santiago, centrados nas características propias da cidade, como a convivencia de diferentes poderes, o seu papel central entre as numerosas vilas da contorna ou os oficios de produción de artes que caracterizaron á cidade por mor



da súa posición económica. A través da memoria dos obxectos, móstrase como a sociedade se apropiou do urbanismo e construíu sentidos e usos con el. Nesta área a cidade explórase dende unha perspectiva de antropoloxía urbana na que se entrecruzan diferentes eixos que nos permiten comprender como a cidade foi usada e configurada para a expresión da vida pública.

- Unha combinación de obxectos de alta cultura, creacións artísticas, obxectos icónicos asociados a momentos e a personaxes clave da cidade e pezas da vida cotiá, permiten comprender os grandes temas da vida da urbe.

Cidade narrada

Aborda a cidade pensada e recreada ao longo da historia a través da literatura, a música, o cinema, as expresións da fala,

as cantigas ou os medios de comunicación. Relatos que vivimos ou nos contaron e que responden non só ao que son as cidades, tamén ao que queren ser.

- Unha vistosa escenografía con caixas de luz permite consultar as creacións culturais que foron construíndo o relato da cidade, os seus tópicos, os seus temas e a súa imaxe cara ao exterior (páxinas de xornais, obras literarias...).

Cidade que nos contamos

Relacionado co anterior, este apartado representa o discurso que queda na memoria da xente coas voces da veciñanza que contan historias. Son relatos persoais que se vinculan con espazos da cidade. Eses veciños que nos comparten a súa memoria urbana amosan como, máis alá dos escenarios arquitectónicos,

as cidades son as memorias de quen as vive e, sobre todo, convive. Atoparemos aquí vivencias propias relacionadas con espazos como o Pazo de San Lourenzo, o barrio de Vite ou o rural compostelán.

Liña do tempo

Esta é unha sección transversal a toda a exposición que serve de fío condutor para ir destacando diferentes pezas, de distinta tipoloxía, dende a Prehistoria ata o presente, de grande importancia para o relato da cidade porque contan unha historia relacionada con ela, amosando fitos destacados e obxectos vinculados a eles. Así, por exemplo, camiñando polo percorrido da mostra daremos con pezas como unha mesa con cadeiras pertencente a Ramón Piñeiro, a través da cal se nos transmite un relato que ten que ver con Santiago.

Pezas destacadas

Libro de horas de Fernando I

1055. Trátase do libro máis antigo conservado na cidade e, posiblemente, en toda Galicia. Foi escrito antes que o Códice Calixtino e é un dos primeiros testemuños da linguaxe formal románica e da espiritualidade privada medieval.

A raíña Sancha encargou este libro a modo de agasallo dentro dunha estratexia de lexitimación dos dereitos de Fernando I, o seu home, cuestionados pola aristocracia.

Presérvase en cámara forte na Universidade de Santiago de Compostela,

en Fonseca, como parte dos fondos da Biblioteca América, que conta cunha reprodución exacta da obra orixinal. O manuscrito de 1055 raras veces se ten exhibido en público. De xeito excepcional, os composteláns poderán gozar desta xoia da cultura medieval durante un mes, prazo tras o cal será substituída por un detallado facsímile.

O libro contén textos litúrxicos, musicais e unha rica iluminación. Está ornamentado cunhas 280 capitais e 3500 iniciais en ouro ou vermello, ademais de destacadas iluminacións como o famoso retrato real, unha escena onde a raíña Sancha ordena ao escriba a entrega do libro ao seu consorte, Fernando I.



BIBLIOTECA XERAL USC



Campá da Universidade de Santiago de Compostela

1600. Vinculada á fundación renacentista da Universidade de Santiago e ao desaparecido reloxo da Torre de Fonseca, sendo un dos obxectos máis antigos relacionados coas orixes da Universidade.

Era unha campá singular, reguladora do coñecemento na cidade das "cen campás" que marcaban os tempos relixiosos. Durante centos de anos regulou a vida dos estudantes e a vida académica en xeral, funcionando a modo de reloxo. Pódese ver na propia peza unha inscrición que fai referencia a este uso.

Nos primeiros deseños do edificio renacentista da Universidade, que tamén se poden ver nesta exposición, compróbase que xa estaba prevista esta campá. E velaquí unha oportunidade única para ser contemplada tan cerca, xa que foi baixada do edificio da Facultade de Historia para ser reparada.

Pezas destacadas

Porta de sagrario de Santa Clara

Principios S.XVIII.
Regresa a Santiago
dende o Museo
Arqueolóxico
Nacional. É
unha peza moi
representativa da
convivencia entre o
medieval e o barroco
en Santiago.


MUSEO ARQUEOLÓGICO NACIONAL



O espírito da cidade compostelá aparece resumido nesta valiosa peza, que combina na súa fronte o románico e o barroco, unha convivencia que aparece mesmo na Porta Santa.

A fronte do sagrario probablemente foi obra do entallador José Domínguez Bugarín, en 1704, para o altar lateral de Santo Antonio de Padua do convento de Santa Clara de Santiago. Na peza

barroca aproveitáronse as figuras realizadas con placas óseas dunha arqueta (cofre), posiblemente elaborada nun obradoiro do Rhin (Alemaña) e pode que vinculada aos primeiros momentos do mosteiro no século XIII. É un exemplo da circulación de bens de luxo e do comercio internacional cara a Compostela medieval. Nas imaxes aparecen personaxes do Antigo e do Novo Testamento, como son os Apóstolos.



LIÈGE, ÉGLISE SAINT-JACQUES



MUSÉE D'ART RELIGIEUX ET D'ART MOSAN DU GRAND CURTIUS

Relicarios dos Santiagos

S. XI e S.XIX. Dous relicarios separados por centos de anos pero parte da mesma historia. Son testemuño e consecuencia da primeira gran peregrinación internacional a Santiago da que temos constancia.

Na pequena caixa de prata viaxou probablemente dende Santiago á Abadía de St. Jacques en Liexa un pequeno fragmento das reliquias do Apóstolo e outros tres santos, levados polos monxes chegados a Compostela en 1056.

A historia conta que o Rei García de Galicia accedeu a entregar estas reliquias a cambio de que esta comitiva de monxes e aristócratas en peregrinación intercedesen por el ante o emperador alemán Enrique III para casar coa súa filla.

Por outra banda, o fastuoso relicario neogótico é unha das xoias da ourivería europea do século XIX. Elaborado coa fin de cristianizar unha Europa cada vez máis laica, confiando en devolvela ás súas orixes á luz das peregrinacións a Compostela. O culto xacobeo fora reactivado apenas uns anos antes co redescubrimento das reliquias do Apóstolo durante as escavacións na Catedral.

Pezas destacadas



INSTITUTO DE ESTUDIOS GALLEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC - XUNTA DE GALICIA)

Baleirado do petróglifo do Castriño de Conxo

1935. É un dos obxectos máis representativos das primeiras etapas da ciencia arqueolóxica galega.

O seu autor, Ramón Sobrino Buhigas, é considerado un pioneiro na investigación sobre a arte rupestre e este baleirado en xeso dalgúns dos motivos representados no petróglifo do Castriño de Conxo (hoxe Volta do Castro), resume á perfección os primeiros intentos por comprender o complexo universo simbólico da Prehistoria.

O petróglifo ten como característica a representación de armas e o seu interese histórico

radica en que é posible conectar eses motivos con puñais e espadas no rexistro arqueolóxico. Isto permite afirmar que a pedra foi gravada na Idade do Bronce.

Máis enigmática é a figura central, denominada escutiforme polos especialistas. Non ten aparecido ningunha evidencia arqueolóxica que permita saber que significa.

A peza foi restaurada polo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

Paraugueiro – Maximino Magariños

Principios S.XX. É unha das pezas máis destacadas para coñecer a penetración do universo galeguista nas elites burguesas de Compostela a principios do século XX.

Esta curiosa peza na que se exalta o territorio e os persoeiros da literatura, da ciencia e da política, é obra de Maximino Magariños Rodríguez de Bendaña, nado en Santiago en 1869. Corresponde ao período tardío da produción deste escultor e artesán ebanista, autor do retablo neogótico da Capela das Reliquias da Catedral.

Involúcrase nun movemento xurdido como reacción á perda da calidade artística das producións industriais, enlazado co romanticismo que eloxiaba as

artes populares. Con esta idea crea un obradoiro na Rúa do Franco e moitos foron os artesáns que se formaron alí.

O paraugueiro é moi curioso pola súa concentración de elementos. A modo de retablo aparece o Apóstolo no centro, o escudo de Galicia, as Deputacións, Rosalía de Castro, Pardo Bazán, Murguía, Concepción Arenal, Curros Enríquez ou Montero Ríos. E polo medio libros como *Follas Novas* ou *Os Pazos de Ulloa*.



MUSEO MUNICIPAL DE VIGO "QUIÑONES DE LEÓN"

Pezas destacadas

Gabinete Ramón Piñeiro



FUNDACIÓN PENZOL. GABINETE RAMÓN PIÑEIRO (VIGO)

S.XX. Unha sinxela mesa de braseiro (camilla) que supón un dos obxectos máis destacados da historia recente de Santiago e tamén da historia contemporánea de Galicia.

Ramón Piñeiro saíu da cadea en 1949, onde estivera preso pola súa oposición

ao réxime franquista. Instalouse en Compostela en 1952, nunha vivenda na Rúa Xelmírez.

Dende o salón da súa casa, Piñeiro comezou a congregar ás novas xeracións de estudantes, formándoos na continuidade

do pensamento galeguista de preguerra e construíndo opcións políticas e culturais fundamentais para a implantación da autonomía tras a chegada da democracia.

O obxecto permítenos entender as borrosas fronteiras entre o privado e o público na cidade. Por estas cadeiras pasaron boa parte das elites culturais e políticas que configuraron a Galicia autonómica e a súa cultura contemporánea.

MUSEO DE BELAS ARTES DE CORUÑA

Retratos – Dionisio Fierros

1857. O autor destes dous retratos está considerado como o iniciador da pintura moderna galega polos temas tratados.



O artista asturiano pintou estes retratos dunha parella da aristocracia, Don Juan Nepomuceno Jaspe Montoto e Carmen Moscoso de Altamira, na súa primeira etapa en Santiago. Conectou coa emerxente burguesía da sociedade compostelá, para a que traballou facendo este tipo de obras coa idea de poder dedicarse,

grazas ás súas ganancias, á pintura de costumes dunha Galicia inexplorada polas artes plásticas.

Así, pintou numerosas escenas de ambiente costumista inspiradas na contorna rural da cidade. Estas escenas populares que representou fixaron algúns dos grandes temas da pintura costumista galega que hoxe

coñecemos, así como os seus retratos marcaron o estilo da pintura burguesa galega das seguintes décadas.

No século XIX e inicios do XX Santiago converteuse na capital das artes plásticas, con grande influencia en toda Galicia.

Pezas destacadas


El catón compostelano.
Discurso preliminar do
orixinal de 1800. Francisco
del Valle-Inclán. 1800. 17 x
10,5 cm. Papel
REAL ACADEMIA GALEGA



Plano da cidade de
Santiago, primeira das sete
que compoñen o Reino de
Galicia
Santiago López Freire. 1796
48 x 37 cm aprox. (con
marco: 65 x 55 cm). Papel
ARQUIVO MUNICIPAL DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA DE
COMPOSTELA



Ferrocarril compostelano.
Plano da sección de
Santiago á fábrica
de Laraño para a
demostración de
modificación que se
propoñen en mesma. 1904.
43,6 x 32,5 cm. Papel.
Impresión
ARQUIVO HISTÓRICO
UNIVERSITARIO DE SANTIAGO



Plano de abastecemento
da cidade de Santiago. 1921
ARQUIVO HISTÓRICO
UNIVERSITARIO DE SANTIAGO



Documentos

A exposición contén unha ampla representación de documentación antiga que nos permite entender como se pensou a cidade e como comezou a evolucionar ao longo do tempo ata os nosos días, con mapas, deseños, informes ou proxectos. Tamén reúne importantes publicacións, como libros, literatura ou xornais, que axudan a comprender a historia tal e como se narrou na súa época.

Experiencia interactiva



O Miradoiro

A exposición concédelle grande importancia á tecnoloxía para conseguir a interacción do visitante coa mostra, mergullándose de cheo nela e case que deseñando o seu propio percorrido e experiencia. Neste compoñente multimedia cómpre destacar *O Miradoiro*, unha mesa interactiva a modo de infográfico que se atopa entre Tramas e Escenarios. A través dunha recreación virtual da cidade, o visitante pode explorar as súas grandes transformacións urbanas, observando a vista de paxaro a evolución da urbe que se conta nun percorrido polos documentos da área de Tramas.

Padróns

Hai certos padróns visuais que se atopan na cidade e que a dotan de identidade, moitas veces tan interiorizados que non hai consciencia deles, polo que poden ser máis ou menos recoñecibles. É o caso do uso da pedra ou o ferro en Santiago. Trátase de elementos que forman parte da estética urbana e que teñen que ver con ornamentacións, cores, conxuntos de sinais, etc.

A través dunha instalación interactiva o visitante traslada ao interior da exposición o mobiliario e a decoración urbana (pódense observar imaxes de detalle de reixas, fiestras, portas ou fachadas).



Comisariado

Comisario:

Manuel Gago Mariño

Manuel Gago Mariño é doutor en Ciencias da Comunicación pola USC, director da plataforma de divulgación cultural *culturagalega.gal* do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

Especializado na confluencia entre cultura e tecnoloxía, e pioneiro de novos formatos dixitais de comunicación cultural desde finais dos anos 90, é responsable de numerosas iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural, ademais de colaborador dos principais medios de comunicación do país, como La Voz de Galicia,



a Radio Galega, El Progreso ou o Diario de Pontevedra. Como comisario de exposicións, Gago ten traballado con algunhas das máis relevantes institucións do ámbito galego e xestionado pezas dos máis destacados centros internacionais. Foi responsable das mostras *Ao pé do lar: memorias da cociña* (Fórum Gastronómico / Museo do Pobo Galego, 2010), *Galicia 100. Obxectos*

para contar unha cultura (Consello da Cultura Galega, 2016), *Alba de Gloria de Castela: unha experiencia* (Consello da Cultura Galega, 2018) e *Galicia, un relato no mundo* (Fundación Cidade da Cultura, 2019).

Como ensaísta e escritor, Gago ten publicado libros con éxito de público, entre os que destacan o ensaio *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI* (2.0 Editora, 2012) co arqueólogo Xurxo Ayán, o libro de narrativa *Vento e Chuvia. Mitoloxía antiga de Gallaecia* (Xerais, 2013) e as novelas *O Anxo Negro* (Xerais, 2016), *O exército de fume* (Xerais, 2016) e *Nus* (Xerais, 2021).

Foto: Soledad Felloza

Comité científico xeral:

• **Miguel Pazos Otón.** Doutor en Xeografía. Profesor Titular de Xeografía Humana na USC

• **Cristina Sánchez-Carretero.** Antropológa. Doutora pola Universidade de Pennsylvania. Científica titular do Instituto de Ciencias de Patrimonio (Incipit) do CSIC.

• **Xaquín Núñez Sabarís.** Doutor en Filoloxía Hispánica. Profesor titular do Departamento de Estudos Românicos da Universidade do Minho.



Coordinador local:

Xosé Ramón Lema Bendaña

Historiador e antigo Xefe do Negociado de Mantemento de Fondos Bibliográficos na USC. Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela, cursou posteriormente a especialidade de Biblioteconomía e Arquivística na mesma facultade. Fixo os cursos de Doutoramento en Antropoloxía Social. Traballou como Museólogo

e Arqueólogo. Funcionario de Carreira primeiro como Axudante de Arquivos Biblioteca e Museos e logo como Facultativo de Arquivos e Bibliotecas, desempeñou diversos postos no Arquivo e nas Bibliotecas da USC. Xubilado en 2016, continua a desenvolver actividades de estudo e divulgación.

Comité científico local:

Xosé Ramón Pousa Estévez. Profesor titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade da USC.

Miguel Taín Guzmán. Profesor de Historia da Arte na USC. Director da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

Rocío Sánchez Ameijeiras. Catedrática de Historia da Arte na USC. Especialista en teoría e historia da arte medieval.

Encarna Otero Cepeda. Historiadora e feminista.

Ricardo Gurriarán Rodríguez. Doutor en Historia e profesor xubilado do IES Rosalía de Castro.

Pilar Sampedro Martínez. Coordinadora da Sección de Cultura do Ateneo. Socia activa de diferentes entidades da sociedade civil compostelá, pedagoga e docente.

Francisco Durán Villa. Profesor Titular de Xeografía na Facultade de Xeografía e Historia da USC.

Calendario

Cidade	Sede	Datas da exposición
Santiago de Compostela	Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19)	3/06/2022 – 10/09/2022
Ferrol	Sede Afundación Ferrol (Plaza Constitución s/n)	27/10/2022 -28/01/2023
Lugo	Sede Afundación Lugo (Praza Maior, 16 / Praza Santa María, s/n)	22/02/2023 - 13/05/2023
A Coruña	Sede Afundación A Coruña (Cantón grande, 8)	01/06/2023 - 26/08/2023
Vigo	Sede Afundación Vigo (Policarpo Sanz, 24 - 26)	19/09/2023 - 07/01/2024
Pontevedra	Café Moderno Afundación Pontevedra (Rúa Augusto González Besada, 2)	24/01/2024 - 06/04/2024
Ourense	Sede Afundación Ourense (Praza Maior, 4)	24/04/2024 - 06/07/2024



Catálogo

Cada exposición queda recollida en cadanseu catálogo seguindo a estrutura da mostra, nun formato moi visual.

Poderanse adquirir, a modo de colección, cun estoxo para organizalos.

Cada unha das publicacións conta con varios artigos de expertos sobre a evolución urbanística e a cultura da cidade, incluíndo seis textos comúns a todas: dous textos

institucionais por parte do presidente da Xunta de Galicia e do presidente de Afundación, un texto do comisario e outros tres dos membros do comité científico xeral.

A cada catálogo específico engádense os textos do Conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, un escrito do coordinador local e outro do comisario da mostra.

Entidades organizadoras

Cidade da Cultura de Galicia



A Cidade da Cultura impulsa proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía, en continua conexión coa esfera internacional. Concibida polo arquitecto Peter Eisenman na cima do Gaiás, un dos montes que

rodean Santiago de Compostela, esta cidade parece xurdir da terra como icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo acolle cinco centros destinados á cultura, ao emprendemento, á tecnoloxía e á investigación e colaboración interuniversitaria: o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Centro de Emprendemento Creativo, o Centro de Innovación Cultural (CINC) e o Edificio

Fontán, todos eles vinculados á Consellería de Cultura, Educación e Universidade do goberno galego, a Xunta de Galicia. Ademais, o complexo conta con grandes espazos verdes nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable ou asistir a espectáculos ao aire libre. A beleza e flexibilidade do Museo Centro Gaiás convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura. Conta cunha superficie expositiva distribuída en tres plantas superiores e un gran espazo multifuncional na planta inferior, que permiten materializar proxectos de moi diversa natureza. Ademais de exposicións, o museo acolle espectáculos de artes escénicas, como 'Escenas do Cambio' o WOMEX, a feria de *world music* máis importante do mundo e outro tipo de eventos de gran formato, como o Spin, a maior cita de emprendemento universitario de España, Portugal e América Latina

Afundación (Obra Social ABANCA)

Afundación, a Obra Social de ABANCA, é unha institución privada e sen ánimo de lucro que se define polo seu firme compromiso social e a súa vocación de servizo dentro e fóra de Galicia. Afundación é un axente de transformación fundamental para a súa contorna que, a través da acción nos seus catro eixes estratéxicos de educación, maiores, cultura e voluntariado, posibilita o desenvolvemento integral das persoas, buscando impulsar unha sociedade máis xusta e comprometida, dinamizando a innovación social, a transformación dixital e a sostibilidade de xeito transversal.

A cultura, entendida en Afundación como o elemento vertebrador esencial para a promoción do coñecemento, constitúe un dos seus eixos estratéxicos, en cuxo contexto as artes plásticas gozan dunha destacada relevancia. A Obra Social de ABANCA conta cunha consolidada traxectoria expositiva que se desenvolve nas súas sedes das

sete cidades galegas, e na que as mostras arredor da súa colección de arte, declarada pola Xunta de Galicia como Ben de Interese Cultural (BIC), ocupan un lugar preeminente, consonte a súa vocación museística. A elas cómpre engadir innovadores proxectos de programación propia e de propostas en colaboración con outras entidades, tanto de ámbito autonómico, coma nacional e internacional, que contribúen á dinamización da cultura en Galicia e desde Galicia.

Esta vocación de potenciación cultural levou á Afundación a ampliar a súa acción expositiva a través do programa «Corrente cultural», mediante o que se desenvolven mostras alén dos seus espazos propios, transcendendo os circuitos culturais tradicionais, grazas ao establecemento de marcos colaborativos con ABANCA, mecenas único de Afundación, e numerosos concellos de toda Galicia.

Créditos

XUNTA DE GALICIA

Presidente
Alfonso Rueda Valenzuela

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

Conselleiro
Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico
Manuel Vila López

Director Xeral de Cultura
Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Directora Xerente
Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de Acción Cultural
María Pereira Otero

Director de oficina técnica
Benito García Caramés

Director económico financeiro
Santiago González Prado

Fondo Gaiás da Empresa Galega

AFUNDACIÓN

Presidente
Miguel Ángel Escotet Álvarez

Vicepresidente
Xosé Carlos Caneiro Pérez

Director Xerente
Pedro Otero Espinar

Área de Cultura Afundación

Coordinadora
M.^a Teresa Cores Fernández

Coordinadora Adxunta
Paloma Vela Garicano

EXPOSICIÓN

COMISARIO
Manuel Gago Mariño

ASESORES
Miguel Pazos Otón
Xaquín Núñez Sabarís
Cristina Sánchez Carretero

COORDINADOR LOCAL
Xosé Ramón Lema Bendaña

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN
Fundación Cidade da Cultura de
Galicia
Afundación

COMUNICACIÓN E MARKETING
Fundación Cidade da Cultura de
Galicia
Afundación

DIDÁCTICA-MEDIACIÓN
Afundación

DESEÑO DE MONTAXE
INSÓLITO DISEÑO+PRODUCTO
DOCUMENTACIÓN
Dehistoria. Historia. Cultura.
Patrimonio. S.L.L.

SOFTWARES INTERACTIVOS
Xoia Software Development S.L.

ILUSTRACIÓN
Miguel Robledo

FOTOGRAFÍAS
Manuel G Vicente
Ovidio Aldegunde

AUDIOVISUAL
Miramemira

REXISTRO SONORO
AB ORIGINE

DESEÑO GRÁFICO
Desoños


SEGUROS
Seguros ABANCA

ANIMACIÓN
Jorge Costas

MONTAXE
Daexga
Carpintería Moure

GRÁFICA
Grupo Acanor

TRANSPORTE
Daexga
Feltreiro





**Santiago de Compostela
no tempo**

**Sede Afundación
Santiago de Compostela
3.06.22—10.09.22**

